

VI. ANUNCIOS**C) OUTROS ANUNCIOS****CONSELLO REGULADOR DO MEXILLÓN DE GALICIA***ANUNCIO de regularización de inscricións.*

O Pleno do Consello Regulador acordou incluír no novo regulamento que envíe á Consellería do Mar para a súa aprobación e publicación no DOG unha disposición transitoria que lles permitiría aos inscritos que non cumpren os requisitos -por non se teren sometido a auditoría de calidade para a renovación da inscrición rexistral ou por obrigas pendentes de pagamento- regularizaren a situación, eliminaren os saldos debedores anteriores ao 1 de xaneiro de 2016 e accederen de novo ao pleno exercicio dos dereitos que, como inscritos lles correspondería, sempre e cando, antes do 31 de outubro de 2016, cumplan determinadas condicións. Establece, así mesmo, a suspensión definitiva dos inscritos que non cumpran as ditas condicións en aplicación da normativa vixente. As condicións da regularización e demais información figuran no taboleiro de anuncios e máis na web www.mexillondeg Galicia.org. Este proceso de regularización foi sometido e realízase conforme a tutela administrativa da Consellería do Mar.

Vilagarcía de Arousa, 15 de setembro de 2016

Francisco A. Alcalde García
Presidente do Consello Regulador do Mexillón de Galicia

